

Acordo de Consello de Goberno, do 19 de xuño de 2026, polo que se establecen os criterios para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de axudante doutor/a para consolidar a carreira académica

Artigo 1. Finalidade

Esta convocatoria ten como finalidade consolidar o emprego temporal e reducir o número de profesorado contratado interino de substitución (CIS), que non fose previamente axudante doutor/a, que poida cubrir necesidades docentes estruturais mediante concurso en profesorado axudante doutor/a, favorecendo a paulatina renovación do profesorado universitario. Adicionalmente, ofrece a posibilidade de que profesorado asociado que teña a condición de doutor/a poida optar por desenvolver unha carreira académica.

Artigo 2. Candidaturas

As candidaturas propostas serán de profesores/as contratados/as interinos/as de substitución (CIS) ou de asociados/as co título de doutor/a.

Artigo 3. Requisitos das solicitudes

Só se atenderán as solicitudes en que, de acordo co PDA aprobado para o curso académico seguinte ao da realización da convocatoria para o establecemento das áreas de coñecemento en que se convocarán as prazas, as necesidades docentes das áreas de coñecemento para as que se presenten candidaturas superen a capacidade docente.

Non contabilizará neste cómputo o profesorado subrogado desde o 01/08/2020 como consecuencia da integración do grao en Turismo, que poderá optar a este programa co cómputo específico ás súas necesidades docentes e capacidade.

Artigo 4. Cómputo das necesidades docentes

Para estes efectos, enténdese por necesidades docentes as horas correspondentes ás aulas presenciais e á dirección de TFG/TFM do encargo docente á área de coñecemento no PDA aprobado para o curso académico seguinte ao da realización da convocatoria para o establecemento das áreas de coñecemento en que se convocarán as prazas, excluindo o encargo docente do grao en Turismo que só computará nas solicitudes presentadas para o seu profesorado.

Artigo 5. Cómputo da capacidade docente

1. Para estes efectos, enténdese por **capacidade docente** a suma da dedicación académica do profesorado permanente da área de coñecemento –incluído o PDI con reserva de posto de traballo e o profesorado asociado–, do profesorado con compromiso de estabilización e das prazas creadas no marco de programas específicos de captación de talento que contén con compromiso de estabilización. A

capacidade docente do profesorado asociado computará segundo a dedicación do respectivo contrato. Nos restantes casos, a capacidade docente computará como 240 horas.

2. Desta capacidade docente deduciranse 240 horas por cada profesor/a permanente da área de coñecemento cuxa xubilación forzosa estea prevista antes do día 1 de setembro do terceiro ano contado a partir do da realización da convocatoria para o establecemento das áreas de coñecemento en que se convocarán as prazas. No caso do profesorado asociado deduciranse as horas de dedicación do seu contrato.

3. A capacidade docente das prazas creadas no marco de programas específicos de captación de talento que contén con compromiso de estabilización non computará no caso de que existan na área prazas de profesor/a contratado/a interino/a de substitución anteriores á incorporación deste persoal investigador que non tivesen a oportunidade de acceder á convocatoria dunha axudantía.

Artigo 6. Convocatorias por área de coñecemento

Convocarase unha única praza de axudante doutor/a por área de coñecemento, agás nos casos seguintes, en que poderá convocarse unha segunda praza:

a) Cando as necesidades docentes continúen a superar a capacidade, unha vez computadas as 240 horas dun eventual novo compromiso de estabilización. As candidaturas da mesma área priorizaranse segundo o nivel de acreditación, a data do certificado de acreditación e, caso de existir empate, pola antigüidade na UDC.

b) Cando a solicitude inclúa profesorado subrogado como consecuencia da integración do Grao en Turismo, que poderá optar a este programa co cómputo específico das súas necesidades docentes e da súa capacidade docente.

Artigo 7. Prelación das solicitudes

1. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas, a prelación entre as áreas que presenten candidaturas organizarase da seguinte maneira:

a) No 50% das prazas só se considerarán as solicitudes que presenten candidaturas coa acreditación a axudante doutor/a. Dentro delas, terán prioridade as candidaturas que presenten a acreditación a profesor/a titular de universidade ou a profesor/a contratado/a doutor/a.

b) No restante 50% de prazas, a prelación establecerase segundo a maior diferenza entre necesidades docentes e capacidade docente tal e como foi definida nos puntos 3, 4 e 5.

2. Se o número de solicitudes fose menor ao de prazas en calquera das reservas anteriores, as prazas restantes sumaranse ás da outra reserva.

Artigo 8. Reserva para persoas con discapacidade

De ser o caso, nas convocatorias realizarase a correspondente reserva de prazas para persoas con discapacidade.

Artigo 9. Compromiso das áreas de coñecemento

Estas transformacións supoñen o compromiso das áreas de asumir no curso académico correspondente á c a totalidade do encargo docente asociado ás candidaturas propostas e en ningún caso poderán utilizarse para solicitar a contratación de novo profesorado.

Disposición adicional

O número de prazas de axudante doutor/a será aprobado pola COAP a proposta da vicerreitoría de Profesorado e previo informe da Mesa sindical.

A vicerreitoría de Profesorado realizará a convocatoria para a selección das áreas, que estará dirixida aos departamentos. Con esta finalidade, requirira a información que precise dos servizos da UDC e das persoas e dos departamentos afectados.

Unha vez recibidas as solicitudes, a vicerreitoría de Profesorado realizará a prelación das solicitudes recibidas e comunicará o resultado aos departamentos, á representación dos/as traballadores/as e ao Consello de Goberno.

O reitor